



CIRCULAR 7-2020.

IV CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organiza o IV Control en Pista Cuberta o día 19 de Xaneiro de 2020, na pista cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2). Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

CONTROL XORNADA DE MAÑÁ			
HORA	PROBA	CATEGORÍA	PARTICIPACIÓN
11:30	3000	Absoluta Homes	14
11:45	3000	Absoluta Mulleres	14
12:30	60	Sub 20 e superiores Homes	48
13:15	60	Sub 20 e superiores Mulleres	48
13:45	1000	Sub 16-14 Homes	14
13:52	1000	Sub 16-14 Mulleres	14
14:10	60	Sub 16-18 Homes	16
14:20	60	Sub 16-18 Mulleres	16

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018-2019 e 2020 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

Art.3). Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo ou atletas independentes galegos/as

Art4). As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do martes 14 de xaneiro. existirá unha cota de inscrición de 3 Euros e de 5 € para os/as atletas con licencia por outra comunidade autónoma.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamen poderanse facer inscricións fora de prazo o que leva tunha multa de 3 € por participante. (direcciontecnica@atletismo.gal)



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art5). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.6). Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 50 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do/a atleta.

Art.7). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.8) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 10 de xaneiro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo